


# Plan de promoción do centro



Data de aprobación en CGC: 24/04/2020  
Data de aprobación en Xunta de Escola: 07/05/2020

O equipo directivo da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo da Universidade de Vigo considera que é necesario formalizar un Plan de promoción do centro.

O obxectivo fundamental é dar a coñecer a Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo e as titulacións de grao e mestrado que nela se imparten e de ofrecerlles información directa a estudantes potenciais e á sociedade en xeral; acadar unha maior adecuación dos/as demandantes dos estudos de enxeñaría e mestrado aos perfís definidos nas memorias dos títulos que se ofertan neste centro; e impulsar a internacionalización da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo.

Neste plan defínense as liñas de acción que se levarán a cabo para acadar os obxectivos sinalados, as persoas que colaborarán nestas accións, así como os criterios de seguimento para poder avaliar periodicamente os resultados logrados e poder establecer as accións de mellora que correspondan. O período de vixencia do plan é indefinido, sen prexuízo da actualización e a aprobación dun novo plan cando se considere oportuno pola existencia de cambios, novas necesidades, novos requisitos, debilidades detectadas,... Esta duración indefinida non exime a facultade da avaliación anual dos seus resultados.

O equipo directivo da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo considera que este plan contribuirá a unha mellora da calidade do servizo público que dende este centro se lle presta á sociedade, ao tempo que pretende utilizar todos os recursos técnicos, económicos e humanos aplicados aos obxectivos previamente establecidos. Para acadar estes obxectivos contará coa colaboración de todos os sectores que conforman a comunidade universitaria: profesorado, alumnado e persoal de administración e servizos.

Obxectivo	Actuacións	Destinatarios	Contido	Responsable	Soportes/Canais	Prazos	Lugares	Recursos
Proporcionar información e orientación ao alumnado de novo ingreso sobre as titulacións que se imparten no centro	Publicación de información na páxina web do centro	- Alumnado de Secundaria - Alumnado de Ciclos Superiores de FP - Tituladas/os universitarios interesados nos mestrados	- Perfil de Ingreso - Perfil de Egreso - Plan de Estudos - Guías Docentes - Plan de Acción Titorial - Acceso aos servizos do Centro - Bolsas de estudio	Equipo Directivo	- Páxina Web do Centro - Páxinas web dos Mestrados impartidos no centro	Ao longo de todo o curso	EEAE	Servizos Informáticos da Universidade de Vigo, e específicos da Escola
Mostrar aos posibles futuros estudantes as actividades e instalacións do Centro e presentarlles os contidos das titulacións que se imparten no mesmo	Visitas dos estudantes de secundaria ao Centro	Alumnado de Secundaria	- Visita polas instalacións do centro (aulas e laboratorios) - Perfil de Ingreso - Perfil de Egreso - Plan de Estudos	- Equipo Directivo - Servizos específicos da Universidade	Folletos informativos cos estudos da Escola	Ao longo de todo o curso, incidindo nos meses de maio e xuño	EEAE	- Persoal da Escola - Persoal de centros de secundaria - Persoal do Gabinete Psicopedagóxico do Campus
	Representación do centro en xornadas ou feiras de promoción de estudos universitarios	Alumnado de Secundaria	- Perfil de Ingreso - Perfil de Egreso - Plan de Estudos	Equipo Directivo	Folletos informativos cos estudos da Escola	Ao longo de todo o curso, segundo o calendario dos eventos	Lugares de celebración dos eventos	Proporcionados pola Escola
Proporcionar información actualizada aos responsables dos departamentos de orientación de secundaria sobre as titulacións que se imparten no centro, de forma que coñezan os perfís que mellor se adecúan ás mesmas	Charlas informativas para orientadoras/es de secundaria	Orientadoras/res de Educación Secundaria	- Perfil de Ingreso - Perfil de Egreso - Plan de Estudos - Servizos del Centro	- Consellería de Educación - Servizos especializados da Universidade de Vigo - Equipo Directivo	Presentación	Unha vez ao ano, antes das probas de ABAU	Lugares indicados pola/s Delegación/s de Educación ou polos IES	Proporcionados pola Xunta de Galicia
	Envío de información aos centros de secundaria	Orientadoras/res de Educación Secundaria	- Perfil de ingreso e egreso dos diferentes títulos que se imparten na Escola	Equipo Directivo	Correo postal e/ou electrónico	Unha vez ao ano, antes das probas de ABAU	IES de Galicia	Proporcionados pola Escola
	Visitas a Centros de Bacharelato	Alumnos de secundaria	- Perfil de Ingreso - Perfil de Egreso - Plan de Estudos - Servizos do Centro	Equipo Directivo	Presentacións en PowerPoint, e folletos informativos impresos	Ao longo de todo o curso, segundo demanda dos centros de secundaria	IES da provincia de Ourense	Recursos da Escola

Obxectivo	Actuacións	Destinatarios	Contido	Responsable	Soportes/Canais	Prazos	Lugares	Recursos
Dar a coñecer os Mestrados que se imparten na Escola	Informar na Sesión de Acollida dos diferentes títulos que se imparten na Escola	Alumnado de novo ingreso no Grao da Escola	Presentación e breve descrición dos Mestrados da Escola	Equipo Directivo e Coordinación de Títulos do Centro	Presentación	Na sesión de Acollida	EEAE	Infraestruturas proporcionadas pola Escola
	Informar nos Actos de Graduación da Escola	- Alumnado en vías de graduación - Familiares presentes no acto	Presentación e breve descrición dos Mestrados da Escola	Equipo Directivo	Discurso de graduación	Ao final do curso académico	Espazo/s nos que se celebran os actos de graduación	Proporcionados pola Escola
	Difusión de publicidade en espazos dixitais e/ou publicacións impresas	Tituladas/os universitarios/as	Información básica dos respectivos Mestrados, e período de matrícula	Coordinación de Mestrados	Dixital/papel	Meses previos ao período de matrícula	Publicacións diarias e/ou periódicas, dixitais e/ou impresas, DUVI	Recursos humanos e partida presupostaria dos Mestrados
	Pantalla de plasma informativa ubicada na entrada do Edificio da EEAE	- Alumnado da Escola - Comunidade local	Información básica dos títulos, en particular de Mestrado en período de matrícula	- Equipo Directivo - Coordinación de Másteres	Soporte dixital	Principalmente a finais de curso	Entrada da EEAE	Proporcionados pola Escola
	Organización de conferencias e outro tipo de actividades	- Alumnado dos Mestrados - Público da localidade	Diversos temas relacionados cos contidos dos diferentes Mestrados	- Coordinadores de Mestrados - Coordinadores de materia	Conferencias, xornadas	Ao longo do curso académico	EEAE	Recursos humanos e partida presupostaria dos Mestrados
Ter unha maior visibilidade na sociedade	- Colaboración con institucións locais - Xornadas/congresos - Outros eventos	Sociedade en xeral	Diversos temas relacionados coa temática das diferentes titulacións do centro	- Equipo Directivo - Profesorado do Centro	Conferencias, xornadas, exposicións, e outros eventos	Ao longo do curso académico	EEAE	Recursos humanos e partida presupostaria da Escola e da Universidade
	Envío de noticias sobre acontecementos puntuais organizados ou promovidos polo Centro aos medios de comunicación	Sociedade en xeral	- Eventos realizados na Escola - Visita de profesorado externo	- Equipo Directivo - Profesorado ou alumnado do Centro - Gabinete de Comunicación da Universidade	Xornais impresos  Internet	Cando teña lugar o evento / acontecemento	- Web do Centro - DUVI - Xornais galegos	Recursos humanos e económicos da Universidade e da Escola

